

PROGRAMACIÓN

XERAL ANUAL

CURSO 2022-2023

CRA DE TEO

ÍNDICE

- INTRODUCCIÓN -----pax. 4
- DESCRIPCIÓN DO CENTRO-----páx. 4
- ALUMNADO -----páx. 6
- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS -----páx. 7
- MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN -----páx. 8
- RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO -----páx. 9
- CONCRECIÓN ANUAL DO PE-----páx. 10
- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE
ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.A.E -----páx. 12
- O EQUIPO DIRECTIVO -----páx. 14
- O CLAUSTRO DE PROFESORES-----páx. 15
- O CONSELLO ESCOLAR -----páx. 16
- COMISIÓN ECONÓMICA -----páx. 18
- XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO _-----páx. 18
- SECCIÓNS BILINGÜES-----páx. 19
- EQUIPOS DOCENTES:
 - Ed. Infantil -----páx. 21
 - Ed. Primaria-----páx. 23
 - Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares -----páx. 25
 - Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística -----páx. 27
 - Equipo de Dinamización TIC-----páx. 30

Equipo de Dinamización de Biblioteca -----	pág. 31
Departamento de Orientación -----	pág. 33
Comisión de Coordinación Pedagógica -----	pág. 35
• PLAN DE AUTOPROTECCIÓN-----	pág. 37
• FORMACIÓN DO PROFESORADO -----	pág. 38
• MATERIAIS CURRICULARES-----	pág. 39
• ORZAMENTOS -----	pág. 43
• AVALIACIÓN -----	pág. 43

- **INTRODUCCIÓN.**

A programación Xeral Anual (P.X.A.) do curso 2022-23 foi elaborada polo equipo directivo tendo en conta as propostas e aportacións dos distintos sectores da comunidade educativa, así como os resultados da Memoria final do curso 2021-22 e as distintas programacións de ciclo de Educación Infantil, das etapas de Educación Primaria (1º e 2º) e dos diferentes equipos que funcionan no centro: extraescolares, dinamización lingüística, biblioteca, comisión de coordinación pedagóxica e do departamento de orientación. Tamén se contemplan os obxectivos xerais e específicos a acadar neste curso, a organización das actividades, a distribución do profesorado, o calendario de reunións e máis o orzamento, así como outros aspectos deste C.R.A.

Tentarase garantir o desenvolvemento coordinado de todas as actividades docentes, complementarias e extraescolares que se podan levar a cabo neste curso, o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno e máis a participación de todos os sectores do centro educativo.

- **DESCRIPCIÓN DO CENTRO: Características**

O "**C.R.A. DE TEO**", baixo a titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, atópase no Concello de Teo, ao Sur da provincia de A Coruña, no val do Río Ulla. Está delimitado ao Norte polos Concellos de Santiago de Compostela, Ames, Brión e Rois; ao Sur, A Estrada; ao Leste, Vedra e ao Oeste, Padrón.

Presenta unha densidade de poboación alta, debido en gran parte á excelente localización do concello, pois está situado a uns 12 km da capital de Galicia.

Segundo os datos obtidos nunha enquisa sociolingüística a lingua

maioritaria entre o alumnado é o galego nun 90% e o castelán nun 10%. En canto a distribución económica da poboación activa na zona do Centro Escolar, podemos dicir que o nivel económico é medio. A maioría dos ingresos xorden dos traballos do sector secundario e de servizos.

En canto ás Características do Centro, o máis significativo é a propia natureza do mesmo.

Trátase dun Centro Rural Agrupado, e este feito dálle unha personalidade propia ao Centro Educativo. Está constituído por un total de 5 escolas espalladas por cinco das trece parroquias que integran o Concello de Teo, tal e como aparece indicado no seguinte cadro:

ESCOLAS	PARROQUIA	E.I	E.P
CACHEIRAS	CACHEIRAS	1	1
CASALONGA	CALO	1	1
RAXÓ	CACHEIRAS	1	1
RECESENDE	RECESENDE	1	1
REIS	REIS	1	1

O Centro conta ademais cunha sede administrativa que está situada en Solláns-Calo. Nesta sede teñen lugar as reunións semanais de todo o claustro, ademais de ser o punto de encontro para levar a cabo diversas xuntanzas de: Proxectos Educativos, reunións coa ANPA, claustros, consellos escolares... e é onde se levan a cabo as tarefas de Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría e Orientación.

Solláns é tamén a sede de AMCRAGA (asociación de mestres dos colexios rurais agrupados de Galicia) . En canto ás infraestruturas cabe dicir que este centro é moi antigo e polo tanto as instalacións están vellas e deterioradas. En todos os edificios hai moita humidade, entra o aire a través das ventás e portas,

fallan os desagües e cisternas nos baños, salta a luz e pérdese a sinal de internet... O concello vai subsanando algún destes problemas pero o centro precisaría dunha boa inversión para estar en condicións óptimas. Dende hai dous cursos temos moi boa comunicación coa concelleira de educación que xa comezou a facer melloras nas escolas, polo que é previsible que pouco a pouco estas deficiencias se vaian subsanando ao longo destes anos de candidatura.

En canto ao equipamento, actualmente as aulas están moi pouco dotadas de material informático, algunha delas está traballando con ordenadores cedidos por editoriais ou familias e o resto traballan con equipos antigos que se deterioran continuamente. Atopámonos ano tras ano coa problemática de que na UAC tardan en atender as peticións de envío de material informático.

- **O ALUMNADO**

A distribución do alumnado no centro por escolas e idades queda da seguinte maneira:

ESCOLAS	2º EP	1º EP	5 ANOS	4 ANOS	3 ANOS	TOTAL
CACHEIRAS	5	3	1	3	5	17
CASALONGA	8	5	8	6	5	32
RAXÓ	5	2	8	0	2	17
RECESENDE	4	1	5	3	3	16
REIS	7	3	4	3	2	19
TOTAL	29	14	26	15	17	101

- **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

A continuación expoñemos os obxectivos que se pretenden acadar ao longo do curso académico 2022-23 procurando en todo momento que sexan realistas, operativos e avaliábeis:

- Crear un bo ambiente de traballo e relacións humanas e afectivas no profesorado, que repercuta en toda a Comunidade Educativa.
- Estimular o traballo en equipo dos membros do Claustro como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación.
- Potenciar un bo clima de convivencia no Centro en referencia a toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente, Concello).
- Manter informado ao profesorado das modificacións que afecten á Ordenación do sistema educativo.
- Establecer canles comunicativas entre a Comunidade Educativa e as distintas Administracións (Concello, Consellería).
- Levar a cabo reunións periódicas coas familias para fomentar o achegamento entre familia-escola, e poder intercambiar información e coñecer máis a cada un dos nosos alumnos.
- Implicar, na medida do posible, ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Levar a cabo unha coordinación axeitada cos outros C.R.As de Galicia (a través das reunións de AMCRAGA) para unha mellora e enriquecemento do funcionamento do centro.
- Colaborar coa ANPA nas distintas actividades que poidan ir xurdindo ao longo do curso.
- Levar a cabo unha boa relación e coordinación cos outros centros educativos da zona.
- Diseñar estratexias que permitan mellorar o rendemento académico

do alumnado, fomentando a capacidade de traballo e o interese pola aprendizaxe.

- Apoiar a diversidade do alumnado, establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Desenvolver o Plan de Acción Titorial.
- Fomentar a participación do alumnado no coidado e limpeza do centro, das instalación e do material e mobiliario.
- Promover hábitos de estudo e de traballo no noso alumnado, así como o achegamento e o disfrute pola lectura, sempre na medida das súas posibilidades.
- Continuar coa dinamización da biblioteca propoñendo e desenvolvendo distintas actividades ao longo de todo o curso.
- Potenciar no alumnado a importancia do respecto mutuo e do compañerismo.
- Promover a innovación educativa no proceso de ensino-aprendizaxe a través do fomento e o uso das novas tecnoloxías en todas as aulas.
- Acadar melloras, na medida do posible, nas instalacións, mobiliario e material didáctico de todas as escolas.

• **MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.**

Na estrutura do Centro terá sempre unha importancia fundamental a coordinación, referida aos diferentes equipos de traballo, ás comisións, aos órganos de goberno e a todos os grupos que compoñen a comunidade educativa. A coordinación dende a dirección facilitará que os diferentes equipos formen parte dun todo común a nivel de centro con obxectivos, metodoloxías e actitudes comúns. Procurarase que o profesorado e os equipos de traballo asuman a responsabilidade correspondente e se impliquen na tarefa propia e á súa vez na tarefa común.

Faranse reunións frecuente nos diferentes equipos para levar adiante e

cumprir así os obxectivos propostos para o curso, así como reunións e colaboracións puntuais con toda a comunidade educativa e todos os organismos que colaboran no noso centro.

O calendario de reunións ao longo do curso quedaría establecido da seguinte maneira:

O 1º martes de mes: reunión de ciclo de infantil e equipos de primaria.

O 2º martes réunese o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

O 3º martes as reunións son do equipo de Dinamización e Normalización Lingüística.

O 4º martes réunese a CCP e o Departamento de Orientación.

Ainda que se intenta cumprir co calendario de reunións, éste é un pouco orientativo xa que polas particularidades do centro, dado que é o único día que está todo o profesorado xunto, estas reunións poden sufrir modificacións debido á necesidade de organizar outras actividades ou tarefas

Todos os martes en horario de 18.00 a 19:30 terán lugar as reunións individuais cos pais/nais do alumnado cando así se considere necesario, ben por petición expresa das familias ou do titor/a ou especialistas que traballan co alumno/a

- **RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.**

Para a consecución dos obxectivos anteriormente citados, teremos en conta os recursos humanos do centro e de toda a comunidade educativa. Teranse en conta ademais os recursos materiais cos que contamos, como as tecnoloxías informáticas e de comunicación. Propiciaremos unha canle de comunicación adecuada co Concello, coa ANPA, os centros escolares da zona e outros organismos que queiran colaborar con nós para promover

unha boa calidade educativa para os nosos nenos e nenas.

- **CONCRECIÓN ANUAL DO P.E.**

Os Obxectivos xerais recollidos no Proxecto Educativo ao longo deste curso son os seguintes:

ÁMBITO PEDAGÓXICO

Neste ámbito, fundamental no noso centro pretendemos:

- Seleccionar e afondar nos contidos curriculares que sexan máis funcionais e de interese para o noso alumnado.
- Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias.
- Mellorar o rendemento académico do alumnado fomentando a capacidade de traballo e o interese pola aprendizaxe.
- Promover hábitos de lectura no alumnado.
- Empregar diferentes técnicas de estudo para mellorar o nivel de rendemento escolar.
- Impulsar a acción titorial individualizada e de grupo como algo esencial no proceso educativo.
- Atender a diversidade do alumnado establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Revisar e realizar as adaptacións curriculares para aquel alumnado que precise delas.
- Diseñar programas que propicien a innovación educativa.

- Potenciar as T.I.C. como recurso didáctico para integralas como ferramenta indispensable na demanda da sociedade actual.

ÁMBITO INSTITUCIONAL ADMINISTRATIVO

Neste apartado pretendemos:

- Promover a coordinación docente e a participación de todos os colectivos da Comunidade Escolar, integrándoos na vida do centro e facilitándolle canles de información e participación.
- Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
- Xestionar de forma consensuada os recursos económicos e materiais do Centro.
- Elaborar un plan de actividades complementarias e extraescolares para favorecer a formación integral do alumnado.
- Organizar adecuadamente os espazos do Centro procurando mellorar as súas instalacións, as dotacións de material e de equipamentos para aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles.
- Manter relación de colaboración con toda a comunidade educativa e con outras institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais.

ÁMBITO HUMANO

Neste ámbito pretendemos:

- Establecer un marco de convivencia que permita a todos os membros da Comunidade Educativa facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
- Crear un bo clima de traballo e relacións humanas e afectivas no profesorado que repercuta en toda a Comunidade educativa.

- Velar pola seguridade do noso alumnado, promovendo a súa formación no eido da autoprotección e avaliación de riscos.
 - Fomentar a responsabilidade, o respecto, a orde e o esforzo como eixes fundamentais do proceso educativo.
 - Potenciar, estimular e valorar o traballo do profesorado en todas as facetas da tarefa educativa.
 - Formar persoas integrais en coñecementos, competencias e valores en todos os ámbitos da vida: persoal, familiar e social.
- **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.A.E.**

A diversidade está presente no alumnado e no proceso de ensinanza-aprendizaxe. A educación debe ser individualizada e axustarse ás características de cada un dos nenos/as, en canto á súa capacidade, á súa motivación, ao seu estilo de aprendizaxe, ao seu interese, ao seu ritmo de traballo, ás súas aptitudes, aos seus gustos e ás súas afeccións, ás súas capacidades máis destacadas seguindo a teoría das intelixencias múltiples, ao seu medio familiar, problemática, etc.

Por todo isto, como docentes debemos ser flexibles na aplicación do currículo e nos medios empregados, adaptándoos á diversidade do alumnado e á situación concreta de cada clase. Isto é de suma importancia para poder atender a cada un segundo as súas necesidades, e para establecer un clima de aceptación e de apoio mutuo entre o alumnado.

O concepto de necesidades específicas de apoio educativo fai referencia ao alumnado implicado pero tamén ao contexto, ás persoas que actúan co suxeito, aos materiais, ao proceso de aprendizaxe...

Algúns destes alumnos necesitarán reforzo educativo, ou apoios especializados dentro ou fóra da clase, dado polos especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe que serán aconsellados

polo Departamento de Orientación do propio centro e/ou polo Equipo de Orientación Específico, de ser o caso.

Pasos previos:

O primeiro que imos facer é informarnos das características psicopedagóxicas do alumnado que temos matriculado nas diferentes aulas, a través dos informes que obren no seu expediente e da súa historia escolar, se a tiveran.

Cando temos un alumno/a que se considera puidese ter NEAE e necesitase dunha atención especial e non tivese diagnóstico, derivarase ao Departamento de Orientación para a súa valoración, e no caso de ser necesario éste remitirao ao pediatra ou especialista oportuno para o seu diagnóstico.

En caso de ser necesaria unha adaptación curricular, ésta realizaráa o profesor titor co apoio do profesor de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e do Departamento de Orientación, tendo en conta a lexislación vixente que regula a escolarización de alumnado con NEAE.

Neste curso escolar contamos con orientadora e especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.

Os reforzos a grupos reducidos faranse na aula sempre e cando non entorpezan o normal desenvolvemento das sesións e seguindo o criterio establecido polo titor/a, a mestra de Pedagogía Terapéutica, a especialista de A.L. e/ou os outros profesores/as que van intervir con ese grupo de alumnos e alumnas, tendo en conta sempre as directrices establecidas ao efecto polo Departamento de Orientación.

- **O EQUIPO DIRECTIVO.**

O Equipo Directivo segue sendo o mesmo que comezou o seu nomeamento o 1 de xullo de 2015, renovando ata o 30 de xuño de 2023. Os membros que forman parte deste equipo son:

- Directora: Beatriz M^a Paredes Villaronga
- Xefa de estudos: Ana López Roig
- Secretaria: Pilar Couso Fernández

O programa proposto polo equipo directivo do centro resúmese nos seguintes obxectivos, orientados todos a conseguir un bo funcionamento do centro dentro dos aspectos de traballo, respecto e convivencia.

- Dinamizar os órganos de goberno e a coordinación docente promovendo a participación de todos os colectivos da comunidade escolar.
- Cumprir, respetar e facer cumprir e respetar a lexislación vixente .
- Fomentar un clima social grato e estimulante, que facilite o traballo e o bo funcionamento do centro.
- Consegue un clima de respecto e valoración do profesorado e do seu labor educativo.
- Promover e potenciar as boas relacións con toda a comunidade educativa, con todas as institucións e colectivos relacionados co Centro.
- Coordinar as tarefas dos distintos equipos e persoal docente.
- Optimizar o rendemento dos recursos humanos, recursos materiais e de organización do centro.
- Fomentar e promover a formación do profesorado.

- Diseñar estratexias e plans de actuación que procuren unha ampla formación dos alumnos/as e que senten bases firmes na súa marcha académica.
- **O CLAUSTRO DE PROFESORES.**

A maioría do profesorado destinado no centro na actualidade está en situación de destino definitivo ofrecendo unha perspectiva de estabilidade e continuidade.

A relación de profesorado destinado neste centro para o curso 2022-2023 é a seguinte:

ANDRADE VALLO MERCEDES	CACHEIRAS E.P.
CAMBEIRO VÁZQUEZ JUDITH	ORIENTACIÓN
CARAMÉS DIAZ CRISTINA	RAXÓ (E.I. + E.P.)
COUSO FERNÁNDEZ PILAR	RELIXIÓN/SECRETARÍA
FREIRÍA TATO ANTONIO	CACHEIRAS E.I.
GÓMEZ ÁLVAREZ ANA BELÉN	REIS E.I.
GONZÁLEZ DE JESÚS DIANA	A.L.
GONZÁLEZ LÓPEZ JOSÉ RAMÓN	CASALONGA E.P.
LÓPEZ ROIG ANA	MÚSICA/XEFATURA DE ESTUDOS
MARTÍNEZ SEOANE LORENA	REIS E.P.
NESPEREIRA GÓMEZ, CRISTINA	RECESENDE (E.I. + E.P.)
PAREDES VILLARONGA BEATRIZ	APOIO/DIRECCIÓN
PEREIRA CUTRÍN EVA	RECESENDE (E.I. + E.P.)
PITA BRAÑA MARÍA	P.T.
SAAVEDRA VÁZQUEZ JAVIER	E.F.
VÁZQUEZ CASAL LUISA M ^a	INGLÉS
VIQUEIRA COBAS SUSANA	CASALONGA E.I.

O Claustro de Profesores será un órgano fundamental na vida escolar do centro, e polo tanto, será informado axeitadamente dos proxectos e actividades realizadas e participará moi activamente no debate e nas decisións que afecten á organización e a marcha do centro.

O horario dos mestres está feito de xeito que haxa un reparto o máis igualitario posible en canto a número de horas e de gardas, intentando, na medida do posible que as substitucións que se leven a cabo por faltas do profesorado sexan tamén cubertas equitativamente. As horas de apoio do profesorado na aula poden suspenderse puntualmente se fose necesario cando as medidas organizativas do centro para cubrir profesorado ausente así o requiran.

- **O CONSELLO ESCOLAR.**

Actualmente o Consello Escolar está composto polos seguintes membros.

- Presidenta: Beatriz Paredes Villaronga.
- Xefa de Estudos : Ana López Roig
- Secretaria : Pilar Couso Fernández.

Representantes do Profesorado

- Lorena Martínez Seoane.
- Susana Viqueira Cobas.
- Judith Cambeiro Vázquez.
- Javier Saavedra Vázquez.
- Ana Gómez Álvarez.

Representantes dos Pais/Nais de alumnos:

- Elena Moreira Agra.
- Julio Golán Míguez.
- Iván González Noya
- Ramón González Paz
- Daniel Rodríguez Blanco

Representante do Concello de Teo:

- Patricia Castelao Ferreiro

As reunións previstas, de carácter ordinario, a levar a cabo co Consello Escolar ao longo do curso son as seguintes:

Programación Xeral Anual	Outubro
Revisión da P.X.A, medidas correctoras	Xaneiro
Balance económico	Xaneiro
Orzamentos	Xaneiro/ Febreiro
Memoria final de curso	Xuño

Ao marxe destas datas, poden xurdir outras reunións de carácter extraordinario, sen data prevista, que serán convocadas no momento oportuno.

- **COMISIÓN ECONÓMICA:**

Esta comisión está no seo do Consello Escolar coa finalidade de revisar e comprobar todos os gastos de funcionamento do centro. Os seus compoñentes son os que seguen:

- Presidenta: Beatriz Paredes Villaronga
- Secretaria: Pilar Couso Fernández
- R. Profesorado: Javier Saavedra Vázquez.

R. dos Pais/ Nais: Daniel Rodríguez Blanco

- **XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.**

A xornada escolar para o alumnado e profesorado será de 9:30 h. ata as 14:30 h. O profesorado reunirase tamén de 16:30 h. ata as 19:30 h. todos os martes pola tarde, tanto para reunións conxuntas de departamentos, ciclos... como para atención a pais/nais. Os xoves haberá gardas de biblioteca de 16:30 a 18:30h.

No mes de setembro o horario dos alumnos/as de novo ingreso varía en función do período de adaptación, quedando establecido durante as dúas primeiras semanas do seguinte xeito:

O xoves 8, venres 9: de 13:00h a 14:30h.

O luns 12, martes 13, mércores 14: de 12:00 a 14:30h.

O xoves 15 e o venres 16: de 11:30 a 14:30h.

No horario de tarde dos martes, dende as 16:30 h ata as 18:00 h.

celebraranse as reunións de Claustro, Equipos de Ciclo, Equipos de Traballo e Equipos de Dinamización. Dende as 18:00 h. ata as 19:30 h o profesorado atenderá ás nais e pais que o soliciten.

Co fin de garantir o tempo mínimo diario para a lectura (ANEXO IV do Currículo de E.Primaria) acórdase deixar 20 minutos diariamente para a “HORA DE LER” , quedando esta sesión a criterio de cada titor/a.

As datas de festividade local no Concello de Teo que pertencen ao curso escolar 2022/23 son o 11 de novembro de 2022 (San Martiño) e o 18 de maio de 2023 (Xoves da Ascensión).

SECCIÓN BILINGÜES

Neste centro a sección bilingüe trabállase dende a materia de Plástica .

Este curso 2022/2023 contamos cunha Auxiliar de Conversa compartida co CRA de Rianxo (sendo este último o seu centro base). No noso centro acudirá dende o 1 de outubro ata o 3 de febreiro. As mestras participantes nesta sección bilingüe coordinaranse coa auxiliar para facilitar o desenvolvemento do proxecto ao longo do curso.

Faremos fincapé en favorecer o achegamento da cultura da auxiliar ao noso alumnado poñendo en común tanto a súa como a nosa para o enriquecemento do alumnado.

Potenciarase a práctica da conversa oral tratando que a auxiliar poda reforzar as destrezas orais do alumnado en lingua inglesa o máximo posible.

Tentarase tamén colaborar coa auxiliar na elaboración de materiais didácticos, sobre todo en aqueles propios do seu país de orixe.

AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE SECCIÓNS BILINGÜES

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES LOGRO Non conseguido	INDICADORES LOGRO Conseguido parcialmente	INDICADORES LOGRO Totalmente conseguido
Mellora da conversa oral en L.E. na aula	Non se mellorou	Mellorou parcialmente	Mellorou totalmente
Achegamento da cultura do país de orixe da aux.	Non se logrou o achegamento	Logrouse parcialmente	Logrouse totalmente
Elaboración de materiais didácticos	Non se elaboraron materiais adecuados	Elaboráronse de forma parcialmente satisfactoria	Elaboráronse de forma totalmente satisfactoria
Coordinación entre profesorado	Non se estableceu o coordinación	A coordinación foi parcialmente satisfactoria	A coordinación foi totalmente satisfactoria
Uso das TIC	Non se traballou coas TIC	Empregáronse as TIC parcialmente	O uso das TIC foi satisfactorio

- **EQUIPOS DOCENTES.**

EDUCACIÓN INFANTIL

Coordinadora: **Susana Viqueira Cobas**

Compoñentes:

- Cristina Caramés Díaz
- Ana Belén Gómez Álvarez
- Antonio Freiria Tato
- Eva Pereira Cutrín
- Pilar Couso Fernández.
- Beatriz Paredes Villaronga

No ciclo de Educación Infantil hai un total de 58 nenos/as de 3, 4 e 5 anos matriculados actualmente (17 de 3 anos, 15 de 4 anos e 26 de 5 anos), repartidos polas distintas escolas do CRA.

OBXECTIVOS DO EQUIPO:

- Seguir traballando na biblioteca do centro e levar a cabo distintas actividades a carón dela: encontros trimestrais cunha temática conxunta na Biblioteca de Aído, traballar de forma conxunta estas temáticas na aula (proxecto).

- Seguir traballando as novas tecnoloxías de información e comunicación para mellorar o seu uso co alumnado na aula.
- Familiarizar ao alumnado co funcionamento da web do centro/ aula virtual e o seu uso.
- Potenciar as bibliotecas de aula co préstamo de biblioteca semanal e coa mochila viaxeira.
- Seguir mellorando na coordinación e no traballo conxunto entre os compoñentes do ciclo.
- Planificar actividades paralelas en tódalas escolas ao longo do curso.
- Participar na elaboración e revisión das distintas programacións.
- Participación na elaboración e revisión da memoria final.

Todo esto intentarase levar a cabo favorecendo a integración e respectando os ritmos e formas de ser de cada neno/a, intentando acoller así todas as individualidades.

Do mesmo xeito, tamén se considerará á familia como unha parte importante da educación potenciando reunións e actividades nas que se precise da súa colaboración.

Calendario de reunións:

O equipo de ciclo de ed. Infantil reunirse todos os primeiros martes de mes en horario de 16:30 a 17:15. (estas datas de reunión poden sufrir modificacións en función dos imprevistos ou das necesidades do centro en cada momento).

EDUCACIÓN PRIMARIA

Representante: **Mercedes Andrade Vallo**

Compoñentes:

- José Ramón González López
- Lorena Martínez Seoane
- Judith Cambeiro Vázquez.
- Diana Gonzalez De Jesús
- Ana López Roig.
- Javier Saavedra Vázquez.
- María Pita Braña
- Luisa M^a Vázquez Casal

No ciclo de educación Primaria hai un total de 43 nenos/as de 1º e 2º matriculados actualmente no centro, 14 de 1º de E.P. e 29 de 2º de E.P., repartidos polas distintas escolas do CRA.

OBXECTIVOS DO EQUIPO:

- Adecuar os obxectivos do ciclo ao alumnado que temos nas nosas aulas.
- Seleccionar os contidos para conseguir a adquisición deses obxectivos.
- Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos

distintos equipos de traballo.

- Intercambiar opinións e experiencias sobre o comportamento e o progreso dos nosos alumnos para un maior rendemento dos mesmos.
- Realizar reunións de nivel coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Intentar levar a cabo unha adaptación progresiva do alumnado de educación infantil que pasa para educación primaria.
- Realizar unha reunión cos pais e nais ao comezo de curso, e todas as que se consideren oportunas ao longo do mesmo.
- Promover e fomentar a lectura, empregando actividades de animación á mesma.
- Pedir a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para tratar aos nenos e nenas que presenten problemas ou dificultades na súa aprendizaxe.
- Realizar unha avaliación sistemática dos distintos materiais curriculares que se traballan no ciclo e buscar novos recursos que resulten motivadores para o alumnado.
- Estudiar os criterios de avaliación e de promoción do alumnado, considerando cada caso individualmente.

Calendario de reunións:

O equipo de ciclo de ed. Primaria reunirase todos os primeiros martes de mes en horario de 16:30 a 17:15. (estas datas de reunión poden sufrir modificacións en función dos imprevistos ou das necesidades do centro en cada momento)

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Coordinadora: **Ana Belén Gómez Álvarez**

Compoñentes:

- Mercedes Andrade Vallo
- Lorena Martínez Seoane
- Judith Cambeiro Vázquez
- María Pita Braña
- Luisa M^a Vázquez Casal
- Eva Pereira Cutrín
- Ana López Roig

A función primordial do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares é a planificación, organización e desenvolvemento das actividades realizadas polo centro, así como a coordinación coa ANPA e demais entidades que colaboren co centro na organización de ditas actividades complementarias e extraescolares.

A actividade que se seguirá mantendo como en anos anteriores é a xuntanza na biblioteca de Aido (unha por trimestre) Este curso traballarase a temática anual “**A auga**”, que vertebrará o proxecto anual de centro e biblioteca e que dará cabida a variedade de actividades e propostas ao longo do curso.

Calendario de reunións: O equipo reunirse os segundos martes de mes en horario de 16:30 a 17:15 (estas datas de reunión poden sufrir modificacións en función dos imprevistos ou das necesidades do centro en cada momento)

Plan de traballo:

- Recoller e transmitir a información de todas aquelas actividades que poida interesar ao equipo docente, tanto as ofertadas por parte do Concello como polo resto de organismos tanto oficiais como non oficiais.
- Coordinar coa ANPA e o Concello aquelas actividades que se leven a cabo, organizadas por estes organismos.
- Coordinar as actividades levadas a cabo no centro informando aos profesores dos distintos aspectos organizativos das mesmas.
- Plasmar na PXA as actividades previstas para o curso, deixando aberta a posibilidade de participar en outras que vaian xurdindo e que poidan resultar de interés.
- Realizar a memoria de final de curso.

Conmemoracións preceptivas:

- 20 de novembro de 2022, Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das persoas con Discapacidade.
- 10 de Decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa (traballarase un día cando menos con xornais en todas as aulas).
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023 : Día Internacional contra o Acoso Escolar
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Ambiente.

Ademáis destas actividades tense previsto celebrar:

- **No 1º trimestre** realizaranse actividades relacionadas co Magosto e o Samaín (28 de outubro), así como a celebración do Nadal (22 de decembro).
- **No 2º trimestre** o Día da Paz (31 de xaneiro), o Entroido (17 de febreiro).
- **No 3º trimestre** conmemoraremos a semana das Letras Galegas (16 de maio) e o fin de curso (21 de xuño).

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Coordinador: **Antonio Freiría Tato**

Compoñentes:

- Susana Viqueira Cobas
- Javier Saavedra Vázquez
- Cristina Caramés Díaz

- Pilar Couso Fernández
- Beatriz Paredes Villaronga
- Diana González de Jesús
- José Ramón González López

Obxectivos: O obxectivo xeral deste equipo de dinamización da lingua galega é a defensa, difusión e normalización do noso idioma no centro escolar. O noso lema será “ seguir avanzando tanto na normalización do uso do galego como na súa normativización”. Preténdese ademáis acadar os seguintes obxectivos:

-Potenciar o uso normal e diario do galego en todas as actividades promovidas polo CRA de Teo.

-Empregar o galego como lingua vehicular nas comunicacións internas e externas do colexio.

-Axeitar o galego o uso na aula e no patio para transmitir e recoller información e para os xogos habituais.

-Usar a páxina web do colexio para espoñer as actividades, comentalas e poder poñelas ó alcance de familiares e amigos en todo o mundo.

-Facer que os novos nenos/as que entraron de fora de Galicia empecen a entender o galego a nivel oral, tanto cos seus compañeiros/as como cos seus titores e demais profesorado, e intenten empregar expresións diarias como saudar, despedirse nas súas interrelacións sociais.

-Adquirir unha linguaxe axeitada ó nivel que cursa cada neno/a e corrixir

aquelas palabras que non pertencen ó noso vocabulario.

No plan de traballo deste equipo preténdese:

- Ter unha colaboración e unha coordinación estreita entre o equipo de dinamización da lingua e os outros equipos do centro.
- Utilizar as TIC como un elemento esencial para comunicarse e intercambiar información.
- Afondar no emprego do galego nas distintas manifestacións tanto orais como escritas.
- Colaborar coas distintas asociacións e institucións do noso entorno nas actividades de promoción da nosa lingua e cultura.
- Celebrar activamente no centro actividades tendentes á recuperación das festas e tradicións da nosa cultura: Samaín, Magosto, Nadal, Día das Letras Galegas...
- Participar, na medida do posible, en todas as actividades propostas polo Concello e as que poidan xurdir fora do mesmo.
- Recuperar xogos tradicionais, ditos, lendas... para poñelos en práctica en distintas celebracións.

Calendario de reunións: O equipo reunirase os terceiros martes de mes en horario de 16:30 a 17:15 e con calquera persoa ou entidade tantas veces se precise para coordinar unha actividade, tanto individualmente como de xeito conxunto (estas datas de reunión poden sufrir modificacións en función dos imprevistos ou das necesidades do centro en cada momento).

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN TIC

Coordinador: **José Ramón González López**

Compoñentes:

- Todos os profesores titores están encargados de impartir as TIC nas súas aulas, do mesmo xeito, tamén os especialistas traballan habitualmente coas novas tecnoloxías nas súas materias co alumnado.

Obxectivos do equipo:

- Empregar o ordenador como un camiño de creación, de integración, de cooperación, de potenciación de valores sociais e de difusión das ideas de cada un.
- Fomentar o uso dos medios informáticos coa idea de acabar coas desigualdades sociais, promovendo o emprego desta ferramenta nos nenos/nenas con necesidades educativas especiais como medio de apoio e reforzo nas súas aprendizaxes.
- Favorecer o emprego de todo o profesorado do material informático do que dispoñemos a hora de elaborar as súas tarefas cotiás: programacións, memorias, planos, circulares, normativas, correos, actividades...
- Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso do ensino-aprendizaxe usándoa axeitadamente tanto por parte do persoal docente como dos alumnos/as.
- Facer máis sinxela a busca de información e o tratamento crítico da mesma, como un camiño de coñecemento de Internet e o achegamento a información útil.
- Activar o emprego de programas que posibiliten a organización da

biblioteca (catálogo de libros, préstamos,...)

Plan de traballo:

- Solicitar reformas e melloras necesarias nas instalacións TIC do Centro.
- Actualizar e optimizar os equipos informáticos do Centro
- Participar nas tarefas docentes para familiarizar aos alumnos coas TIC.
- Fomentar o coñecemento e uso da tecnoloxía das webs dinámicas
- Intentar, na medida do posible, colaborar na actualización da páxina web do centro.
- Participar activamente na dinamización do blog da biblioteca de centro.
- Implementar o plan dixital elaborado ao longo do curso pasado.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA

Coordinador: **Javier Saavedra Vázquez**

Compoñentes:

- Cristina Caramés Díaz
- Susana Viqueira Cobas
- Pilar Couso Fernández

Contexto:

A biblioteca do centro está situada en Aido, alonxada do resto das escolas, polo que non resulta doado o acceso frecuente do alumnado á

mesma dentro do horario escolar. Por este motivo, organízanse dende o equipo de biblioteca unhas xornadas trimestrais centradas nunha temática común para todo o alumnado do CRA. Ao longo deste curso, traballarase a temática da auga .

Horario:

No presente curso a biblioteca abre os xoves de 16:30 a 18:30

Obxectivos:

- Continuar coa catalogación, adquisición e xestión dos fondos da biblioteca.
- Dinamizar a biblioteca como Centro de Recursos para a ensinanza - aprendizaxe.
- Espertar nos nenos o interese por ler e fomentar o hábito lector.
- Formar novos usuarios da biblioteca.
- Fomentar a colaboración e participación de todos os membros da Comunidade Educativa na difusión das actividades propostas polo equipo de biblioteca.
- Usar as novas tecnoloxías como recurso de consulta, método de catalogación e proxección de actividades.
- Implicar ás familias nas actividades da biblioteca e que en conxunto co equipo de biblioteca levemos a cabo actividades de interese para os nenos.

Actividades:

- Adquirir novos fondos.
- Catalogar novos fondos.
- Actividades de fomento lector.

- Abrir a biblioteca os xoves pola tarde.
- Actividades propostas por pais e avós dos alumnos .
- Actividades trimestrais propostas polo equipo de biblioteca coa participación de todas as escolas coma anos anteriores á pandemia.
- Actividades de préstamo individual e colectivo.
- Actividades de contacontos coa participación das familias de modo voluntario.
- Actividades do proxecto para o curso 2022-20223 “ A auga”.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Coordinadora: **Judith Cambeiro Vázquez (Orientadora)**

Compañentes:

- María Pita Braña (Pedagogía Terapéutica)
- Susana Viqueira Cobas (Coordinadora ed. Infantil)
- Mercedes Andrade Vallo (responsable educación primaria)
- Diana González De Jesús (Audición e Linguaxe)

Obxectivos:

- Desenvolver o Plan de Acción Titorial.

- Elaborar estratexias que axuden no período de adaptación.
- Contribuír a fomentar a coordinación dos equipos docentes.
- Colaborar para promover a colaboración das familias.
- Promover a colaboración con outros servizos educativos e sociosanitarios.
- Apoiar o desenvolvemento de estratexias que favorezan unha mellora do proceso de ensino/aprendizaxe.
- Potenciar as medidas que se emprendan para favorecer o desenvolvemento psicosocial do alumnado e a súa integración grupal.
- Colaborar co profesorado na avaliación inicial do alumnado e realizar as avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes cando se consideren pertinentes.
- Valorar as necesidades educativas do alumnado e propoñer medidas de atención á diversidade.
- Ofrecer asesoramento e poio ao profesorado no seu proceso de ensino ante problemáticas concretas co alumnado de neae.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado de neae de todo o que sexa preciso, e na medida das nosas posibilidades.
- Priorizar os casos de máis urxencia do alumnado con necesidades educativas.
- Coordinarse co departamento de servizos sociais do Concello, cos servizos médicos e con outras institucións , nos casos en que sexa preciso.

Calendario de reunións:

Todos os luns de 14:00 a 14:30 levarase a cabo unha reunión entre a Orientadora e as especialistas de P.T. e de A.L. O departamento, con todos os seus membros, reunirase con carácter ordinario unha vez ao mes; e con carácter extraordinario cando así sexa proposto por algún dos membros do departamento ou xurda algunha situación que así o precise.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Presidenta: **Beatriz Paredes Villaronga** (Directora)

Compoñentes:

- Ana López Roig (Xefa de Estudos)
- Judith Cambeiro Vázquez (Orientadora)
- Antonio Freiría Tato (E.N.D.L)
- María Pita Braña (Pedagogía Terapéutica)
- Susana Viqueira Cobas (Coord. Ed. Infantil)
- Mercedes Andrade Vallo (Representante Primaria)
- Diana González De Jesús (A.L.)

Obxectivos:

- Elaborar o Plan de Acción Titorial e plantexar suxestións para o Plan de Orientación.
- Coordinar a elaboración das programacións didácticas

- Fomentar a relación con alumnado doutros centros.
- Colaborar no fomento dun clima de convivencia positiva.
- Coordinar e secuenciar as propostas de traballo dos diferentes equipos e ciclos .
- Potenciar e apoiar o emprego de medidas de atención á diversidade.

Actividades :

- Análise e revisión dos documentos de programación elaborados no centro: coherencia e adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- Elaboración do calendario de sesións de avaliación.
- Redacción de posibles cuestións a tratar no Plan de Acción Titorial e no Plan de Orientación.
- Valoración do desenvolvemento da acción tutorial.
- Análise, valoración e, se é o caso, formular a proposta de aprobación de documentos relacionados coa convivencia.
- Organización de xornadas de convivencia ou “portas abertas a familias”.
- Análise do plan de actuación para a atención á diversidade.
- Proposta de uso de instrumentos de avaliación elaborados segundo criterios comúns.
- Análise de necesidades de cara ao plan de orientación e á acción tutorial.

- **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN:**

Liñas básicas de actuación:

Realizarase esta tarefa dende a Dirección do centro e o Departamento de Orientación. O noso labor deberemos desenvolverlo en estreita colaboración cos demais equipos, a fin de coordinar as accións que impliquen ao alumnado, ao profesorado e ás familias.

Obxectivos

- Analizar e revisar, se é o caso, a normativa xerada polo centro e as condicións do mesmo en canto á seguridade.
- Prever situacións que poidan provocar riscos relacionados coa seguridade.
- Impulsar o desenvolvemento do Plan de convivencia do centro.
- Fomentar unha cultura de colaboración, respecto e tolerancia con outras persoas.
- Promover o desenvolvemento de habilidades sociais que faciliten unha mellor convivencia.

Tarefas:

- Revisión do Plan de convivencia, polos membros do Comisión de Convivencia, creado no seo do Consello Escolar.
- Difusión e fomento do procedemento proposto no Plan acerca da resolución de conflitos entre iguais.
- Elaboración de suxestións para familias.
- Difusión de propostas de actividades colaborativas.

- Detección de puntos febles no centro en canto á seguridade.
- Colaboración nas accións encamiñadas á adquisición de hábitos en relación coa seguridade e autoprotección.
- Recompilación de información sobre o alumnado que precisa administración de fármacos en momentos de crises.
- Colaboración nas accións encamiñadas á adquisición de hábitos axustados en relación coa seguridade e autoprotección.
- Protocolo de actuación en caso de xurdir algún problema con un neno, un pai, un profesor ou de calquera outro aspecto escolar: Primeiro sempre se poñerá en contacto co titor/a ou especialista, en segundo lugar infórmase ao equipo directivo que intentará resolvelo e por último falarase e daráselle solución ao problema en cuestión, tratando coa persoa implicada. Se non houbera solución ou esta non fora a máis adecuada tratarase por outros cauces: inspección e xefatura territorial (tendo en conta este orden).
- Incluir no programa de alerta escolar a aqueles alumnos que por distintos tipos de alerxias, intolerancias ou enfermidades así se aconselle.

- **FORMACIÓN DO PROFESORADO:**

A formación e actualización do profesorado en todos os aspectos é un dos obxectivos prioritarios do centro, considerando necesario e fundamental que todo o profesorado mellore as súas capacidades e que aplique estes coñecementos na mellora da calidade do ensino educativo.

Promoveremos e favoreceremos a formación desde varias perspectivas: Na organización do centro favoreceremos o acceso do profesorado a cursos de formación organizados por organismos oficiais ou legalmente constituídos.

Este ano varios mestres do centro iniciarán un curso de formación para implementar o Plan Dixital do Centro iniciado o curso pasado e outro

relacionado coa arte.

- **MATERIAIS CURRICULARES:**

EDUCACIÓN INFANTIL:

Os materiais que se utilizan, son diferentes segundo as escolas:

ESCOLA DE CACHEIRAS

4 ANOS E 5 ANOS

🕒 ¿CUÁNTOS HAY? Y OTRAS SITUACIONES DE MATEMÁTICAS

MANIPULATIVAS. NIVEL 3. Ed. Anaya.

🕒 QUIERO 5. ED. SANTILLANA

ESCOLAS DE CASALONGA, RAXÓ E RECESENDE

3 ANOS

¿CUÁNTOS HAY? Y OTRAS SITUACIONES DE MATEMÁTICAS

MANIPULATIVAS. NIVEL 1. ED. ANAYA.

4 ANOS

¿CUÁNTOS HAY? Y OTRAS SITUACIONES DE MATEMÁTICAS

MANIPULATIVAS. NIVEL 2. ED. ANAYA.

5 ANOS

¿CUÁNTOS HAY? Y OTRAS SITUACIONES DE MATEMÁTICAS

MANIPULATIVAS. NIVEL 3. ED. ANAYA. **Escola de Reis:**

Elaborará o seu propio material.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

ESCOLA DE CACHEIRAS

PRIMEIRO CURSO

Comprende textos, Textos 1

TECELINGUA, Lingua 1

Matemáticas 1º

Arts & Grafts Projects Blue 1º

Kids Can! 2 Pb&ExtraFun Epk.Macmillan

SEGUNDO CURSO

Comprende textos, Textos 2

TECELINGUA, Lingua 2

Matemáticas 2º

Arts & Grafts Projects Blue 1º

Kids Can! 2 Pb&ExtraFun Epk.Macmillan E.L.T

ESCOLA DE CASALONGA

PRIMEIRO CURSO

Comprende textos, Textos 1

Matemáticas 1º

Arts & Grafts Projects Blue 1º

Kids Can! 2 Pb&ExtraFun Epk.Macmillan E.L.T

SEGUNDO CURSO

Comprende textos, Textos 2

Matemáticas 2º

Arts & Crafts Projects Blue 1º

Kids Can! 2 Pb&ExtraFun Epk.Macmillan E.L.T

ESCOLA DE RAXÓ

PRIMEIRO CURSO

Imos con todo 1º

1º, 2º e 3º Trimestre

Lengua 1º + Leo bien

Matemáticas 1º

Arts & Crafts Projects Blue 1º

Kids Can! 2 Pb&ExtraFun Epk.Macmillan E.L.T

SEGUNDO CURSO

Imos con todo 2º

1º, 2º e 3º trimestre

Lengua 2º + Leo y comprendo

Matemáticas 2º

Arts & Crafts Projects Blue 1º

Kids Can! 2 Pb&ExtraFun Epk.Macmillan E.L.T

ESCOLA DE RECESENDE

PRIMEIRO CURSO

Imos con todo 1º

1º, 2º e 3º trimestre

Lengua 1º + Leo bien

Matemáticas 1º

Arts & Grafts Projects Blue 1º

Kids Can! 2 Pb&ExtraFun Epk.Macmillan E.L.T

SEGUNDO CURSO

Imos con todo 2º

1, 2º e 3º trimestre

Lengua 2º + Leo y comprendo

Matemáticas 2º

Arts & Grafts Projects Blue 1º

Kids Can! 2 Pb&ExtraFun Epk.Macmillan E.L.T

ESCOLA DE REIS

PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO

Arts & Grafts Projects Blue 1º

Kids Can! 2 Pb&ExtraFun Epk.Macmillan E.L.T

- **ORZAMENTOS:**

A aprobación dos presupostos de ingresos e gastos levarase a cabo no Consello Escolar correspondente, despois de ser revisado polos membros da Comisión Económica.

Ingresos:

- Crédito asignado pola Delegación Provincial de Educación

- Outras aportacións posibles:

- Política Lingüística
- Outras Entidades (Concello)

Gastos: Mantemento, Maquinaria, Mobiliario, Informática, Material de Oficina, Subministracións, Comunicaciones, Locomoción, Seguros, Gastos diversos de funcionamento, adquisición de equipos non contemplados nos programas centralizados.

- **AVALIACIÓN:**

Avaliación do alumnado

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas e teranse en conta todos os elementos que compoñen o currículo. Tan pronto como se detecten dificultades na aprendizaxe se adoptarán medidas de reforzo educativo para que o alumnado poida continuar o proceso educativo do mellor xeito posible. Ao final de cada trimestre; decembro, marzo e xuño se realizará a avaliación do alumnado e daráselle ás familias un informe sobre o rendemento académico dos seus fillos/as.

Avaliación da P.X.A

Todas as comisións, equipos docentes e Claustro revisarán a Programación Xeral Anual para proceder á súa valoración e axustar os obxectivos se fose preciso. Ao remate de cada curso elabórase unha memoria na que se recolle o grao de consecución dos obxectivos e se avalían as actividades levadas a cabo no Centro, explicando as dificultades atopadas e, se fose o caso, as medidas correctoras .

- Esta PXA foi debidamente informada nas reunións de claustro e consello escolar que se fixeron neste centro o día 4 de outubro de 2022.

Este curso entra en vigor a nova ley de educación LOMLOE polo que tanto as programacións de ed. infantil e 1º de primaria están en revisión e elaboración para poder ser incorporadas ao programa PROENS